lo mejor que Dios te ha dado.

Despierta Pueblo, despierta.
Despierta pueblo querido
eres noble y generoso
pero siempre estás dormido.

Hoy tus hijos se divierten
festejando a su Patrón
y pensando en su alma
le rezan con devoción.

Tú miras como matan
nuestro futuro jardín
te ponemos de testigo
glorioso San Martín.


Grita la hermosa Playa,
gritan las olas del mar,
que van cayendo, cayendo
y llorando sin cesar.

JOSE BERNARDEZ SANTACLARA

PASARIN

Sólo tú, divino mar
puedes hacer el milagro
que por los hombres ya está
este hecho consumado.

JOSÉ BERNARDEZ SANTACLARA, 'Pasarín'.
Faro de Vigo, 10-11-1977



NOSTALXIA

En “meio” do cruxir dos ramallos
de eucaliptos, pinos e carballos
unha bandada de azules, roxos e verdes saltamontes
emprenden o voo;
un azul en solitario cruza ó áer;
unha volvoreta tenta pousarse en mí.

Os grilos que cantan,
o ambiente verdescente,
o vento que move os arbres,
unha folla que cae ...:
nostalxia dun antrego contacto
que pode desaparecer.

Ó fondo un pobo,
ó lexos, azules montes,
a esquerda un pequeno pino
e a dereita un touzal,
chan de variedades incontables,
un ceo d'outro coor:
tudo ansiando salvar e ser salvado.

Nunha tarde dun día isto eu contempléi.

AGUSTIN POUSEU LOIRA, 1979

MEU AMORCIÑO, BUEU

Meu Bueu, porto mariñeiro,
onde meus pais se criaron,
en ti fun á escola de neno
e de mozo andiven namorado.

De casado saín fóra,
emigrei ó estranxeiro;
pasan os anos e a lembranza ven
do meu pobo feiticeiro.

No altor de pobo fican
os teus pazos, bendito enlevo,
Santa Cruz, o quitas coitas,
o dos Aldrao e Castrelo.

Os tres son unha fermosura,
son a historia do pobo,
coa nosa igrexa de cela
que vén de tempos máis vellos.

Aló na cima esculca,
soio se olla o verdon
que baixa ata a beira do mar
munha misturada cor.

Fermosa, a túa baía
naceu para acoller barcos,
se na ria vai treboada
ela os abriga calmos.

Xa agaveei a costa,
os meus folgos veñen minguando
e en ti non teño lar,
hoxe son un malpocado.

Que hei facer querindiño,
morrer eiqui non quixera,
¿irei de vagariño
morrer a túa beira?.


Se un lar en ti tivera
deseguida ía facelo;
téñoche coitas nesta vida
e pensando en ti vou morrendo.

Remaécenme nos soños
Cela, Beluso e a praia;
teñoos misturados
nos meus soños nesta Francia.

Fillo son de mariñeiro
miña nai foi peixeira,
son o único zapateiro
de familia mariñeira.

Bueu eu pillei o tempo
de facer esta poesía
para ti meu amorciño,
para ti Bueu, ¡miña vila!.

LUÍS RÍOS DOPAZO

A CHAMADA DA ILLA

Tu
que desplazas
mis miembros
contra su propia fuerza
para que te alcance
a tí,
y te persigo
..... mientras huyo.

JORGE JOSÉ LOIRA GAGO

RACHABA A NOITE, O LÓSTREGO

Rachaba a noite, o lóstrego,
 sen treguas,
 deixando o trono en pobres chimeneas,
 e no frio intenso das adegas
 e medo que parindo van as vellas.

O lóstrego
 rachaba a noite densa,
 e o trono, en Santa cruz,
 cravaba os decibelios nas orellas
 dos cans que se agachan nas adegas.
 As nubes, aloucadas,
 verquían súas augas ateridas
 en tódolos recunchos da aldea.

O vento entolecido da Portela
 resoaba no bronce tremecido
 da lonxa, aberta ó vento e maila chiova.

Os vils quiñóns
 deitábanse nas laxes mortas.

A nena,
 caldeiro de zinc
 nos fracos brazos,
 choricaba:
 -“Que lonxe estás de min,
 Banda do Rio.
 Que lonxe do lugar
 en qué pillando estou”.

Bargullas lle verquían sen paraxe
 dos ollos legaños.

As mans, cheiro de peixes,
 limpaban do naris as feas luras.
 Choiva a feixes.

Os ollos albiscaban
 o mar escurecido.

Choraba a Pomba, tremía toda.

Mais Deus, que o mundo fixo
 berroulle as nubes que se foran todas.

Díxolle ó anxo da miniña, logo,
 cobrira o corpo co calor do ceo.

Bulía a nena mentras Deus choraba.

Choraba o anxo do Señor do Ceo.

A nena ía piando:
 -“Ai miña nai, naiciña”.


Petou na porta caseque sen forzas.

O lóstrego rachou de novo
 a noite.

As augas novamente se verqueron.

Os cans enmudeceron.

A Pomba lle dicía a Nai do Ceo:
 -“Ata mañá, miña mamá, Naiciña”.



ÉXTASE NA ILLA

A meu amigo Isidro

Engulido polo gran Útero Cósmico
sentirás no líquido leito
a sensación de ser un espírito anfibio.
Polas verdes estalactitas, escorregarás
ata o Burato do Inferno:
Alí os Peixes-Vagalumes,
percorreráán o teu sangue salino
entre rumores de vértigo.
O teu corazón latexará pleno,
coma unha Hidra inxectada de crepusculo
e o tempo fluirá en escumas espirales
no Mar eterno.
mentras, ti segues encadeado a tua illa
polo embigo do Universo.

SUSO PÉREZ PIÑEIRO

4 Agosto

SUSO NA ILLA DE ONS



CECILIO LAGO GONZÁLEZ

EL LATIR DE UN PUEBLO

... al Bueu Atl. de Balonmano

Hagamos que el deporte en nuestra vida
pincele con colores de alegría,
la senda de esa bella fantasía
que encauza el alma limpia y desprendida.

Hagamos que el deporte no divida
si no por contra, sea la armonía
que alumbe con la luz de un nuevo día
la eterna noble meta perseguida.

Logremos que ese sueño esperanzado
surgiendo del esfuerzo y la ilusión,
convierta su deseo más soñado

en mágico latir del corazón
de un pueblo que hoy anuncia alborozado
¡¡¡Bueu, tendrá por fin su Pabellón!!!

CECILIO LAGO GONZÁLEZ, 1994

Castillo de sueños

EDICIONES CARDEÑOSO

BUEU

**BUEU, miradoiro e vixía
do Morrazo, corazón
a cabalo entre o monte e a ría
unha man na terra firme
outra na illa de Ons.**

**Alicerce da pesca
e cabeza da ría
e cerne do Morrazo
berce de grandes homes
que fixeron historia
axionllada na costa
acariñando o mar
co seu abrazo.**

**De homes sobranceiros
nados en esta terra
poetas litaratos, emigrantes
que sairon cara o sol
co pensamento no seu lar, nosa aldea
mariñeiro que loitan co mar
en o Gran Sol.**

**Mariñeros da ardora
do xeito, da pesca litoral
familiar, artesán
que faenan coas dornas
traballando coas mans.**

**Terra de grandes homes
tanto en mar, como en terra
como Nuno, Barés, Said-Armesto
Bolíbar, Carballeira.**

**A carón de Marín
e moi perto de Aldán
praías de branca area
a separan do mar
salazóns en Beluso
conservas a morea.**

**Rosario de perlas, engranzadas
praías de branca area
albeiras, nacaradas
as praías de esa terra.**

**E casas blasonadas
e pazos dende terra
debruzandose a o mar
como fan con degoiro
as doncelas
dende o balcón do andar
para ollar, falar e namorar.**

**Homes con orgulla, lativos
circundantes da terra
que levaron a América
a cruz de Compostela.**

BUEU....¡ Te adoro!

Me levanté y volví a tu reducto geográfico
hablé para ello con glándula pineal
quien llevándome por su camino mágico
tropecé con mi génesis: mi Bueu natal.

CONDOMINIO BUE
La génesis de losber

En él así mi primer punto de apoyo,
cerca de la playa, mina escarbada
de la que sacábamos para Casqueiro de todo:
cobre, monedas, plomo, chatarra.

Oculto encontré el río de mi Banda
frontera acuífera con “Allá delante”
escondido como el “Caño” de mis barcas
aquel lago para barquitos de infantes.

Modificado encontré el Olimpo vital,
el “Relleno” de las citas, parque central,
atalaya náutica, malecón del temporal,
campo de fútbol, principio y final.

¡”Buraco da miña alondra”, penedo!
¿Que fue de aquel templo empedrado,
aquel Partenón para peinados de Amadeo,
aquella “Requisa”, cuadrilátero y pulpo secado?

¡Mi Banda del Río, mis Casas Baratas!
decidme si aquel Bueu aún existe,
o si las cenizas son nostalgias
que despiertan el amor que me disteis.

Al atardecer subiré al bosque de Pimentel
por si hay aún vaqueros e indios guerreros
visitaré a los duendes del Pazo y miraré
al mar para perderme entre los marineros.

Por la “Canexa” abajo enviaré la voz
y preguntaré por la peluquería de Eladio
la Panadería de Amador, el “grifo” de Massó
por Pelélico, “A Ratiña”, Juanito Santos, Pirigallo.

Que le respondan si están: Galiñanes, Litango
El Cerqueiro, La Molinera, El Chisco, Penelas,
La Capilla Vieja, El Coro San José, D. Armando,
El Cine Victoria, El Bodegón, “As Pirilleiras”.

Mis abuelos, mis padres, mis amigos, mi tía Josefa

..... que me respondan.

José Manuel Gómez Torres

JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES, 1997

BUEU

Por donde suben y bajan las brisas
 del gran lago azul,
 crecen alfombras de flores
 semejantes a las de un jardín
 del reino del más feliz
 de los gigantes,
 venido para sujetar
 el cielo de los celtas
 y cuidar las columnas marmóreas
 que lo sujetan
 y se hunden en el mar, que las acaricia y las maltratra.

LIBOREIRO

Antaño ciudad celta,
 reina del valle
 por donde suben u bajan
 las brisas
 del mar
 mar, azul, marino
 frio y negro
 Mar
 desde Liboreiro
 te veo pasar. Mar
 llevando y trayendo,
 la vida que aqui se cria
 desde hace mil lustros.
 Esperamos nos hables
 y nos cuentes
 tu historia.

BUEU

Te llevo en el alma
 Bien abajo.
 en la sombra.
 Apartado.
 en tu, oscuridad
 de humedad y penumbra.
 en ti invierno eterno.
 te dejo
 voy en busca del sol.
 Canarias, primaveral.
 Bueu, invierno eterno.

Antonio Santos Cidrás, 1997

BIOGRAFÍAS

NUNO TREEZ

Apelido que posiblemente corresponda a unha forma reducida de "Pérez ou Fernández".

Con toda posibilidade este xograr fose da nosa comarca xa que nas súas composicións fai constantes alusións a San Cleménco, santo que tiña unha ermida (hoxe na ruína) na illa do Santo do Mar, situada nas proximidades da praia de Lapamán.

As súas composicións pertencen o xénero chamado "Cantigas de amigo" e más concretamente ás "Cantigas de romaría".

JOHAN DE CANGAS

Viviu entre mediados e finais do século XIII. Non temos máis datos del có seu nome, unido a uns poucos versos que fan referencia á romaría de San Mamede (Beluso). Sabedores da pertenza de Bueu á xurisdición do Morrazo con capitalidade en Cangas ata o primeiro tercio do século XIX é polo que, para nós é JOHAN DE BUEU.

As súas composicións, igual cás de Nuno Treez, pertencen ó xénero chamado "Cantigas de amigo" Na primeira delas unha moza diríxese o seu "amigo" citándoo na ermida de San Mamede.

Nota: Para un coñecemento pormenorizado e científico dos persoeiros anteriores e das cantigas descritas poderan achegarse, nun futuro próximo xa que está pendente de publicación, os traballos *'Titulados As cantigas de Nuno Pérez e Johan de Cangas'* e *'Discurso e ideoloxía nos cancioneiros de Nuno Pérez e Joham de Cangas'* de Xosé Manuel Cerviño Meira.

JOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Investigador polígrafo, conferenciante, poeta, catedrático de Lingua e Literatura, director do Museo de Pontevedra, foi un dos intelectuais galegos recoñecidos pola súa labour maxistal, a súa abondosa produción literaria e científica e a súa grande actividade cultural. A súa especialidade son os estudos da lírica galego-portuguesa medieval.

G.M.G. e J.D.F

Iniciais de Gaspar Massó García e Joaquín Domínguez. Nestes anos e aproveitando as páxinas do xornal *El Adelanto* facíanse, entre os xoves ilustrados da época (1912-13), bromas e inocentadas citando, normalmente de xeito versificado, a tal ou cal/es amigo/s. Os versos que poñemos co título *Doradas Pildoritas* son un anaco dun poema máis longo dedicado ó telegrafista Dámaso Egozcue.

QUINTÍN TABOADA AGULLA

Mandou estes versos, como así o facian algunha outra xente emigrada en datas sinaladas tanto das festas do verán coma do inverno. Era fillo de Quintín Taboada Amado e Carmen Agulla. Moi coñecida era a súa irmán Carmen, mestra.

LUÍS BUCETA MERA

Luís Buceta, avogado (secretario do concello) foi un dos promotores, o lado do mestre Higinio Pérez García, da Biblioteca Municipal de Bueu.

Desde 1927 a 1930 dirixiu gran número de obras ó Cuadro de Declamación 'Bueu' (Lección de celos, La Virgen de la Roca, Amor a oscuras, Las campanadas, El Gaitero (zarzuela), La ocasión la pintan calva, A casa do ciruxán)... Algunha das obras escritas por el mesmo tales como 'El Padrón Municipal', 'Cuarenta años después', Lección de celos'... Nesta época tamén aparecen escritos seus na prensa (Faro de Vigo e El Pueblo Gallego) case que sempre na páxina das festas dedicadas a Bueu.

VERAMAR

Descoñecemos a quen corresponde este pseudónimo. A utilización dos pseudónimos era práctica habitual nos que escribían de xeito esporádico nos diferentes xornais.

JOSÉ DÍZ PAZ

Bueu 1907 - Cela 1988.

No campo da literatura popular. Autor de dous relatos e varias composicións que formaron parte de letriñas de comparsas e murgas dos anos 1933 a 1936. Magnífica voz dos labregos e mariñeiros fronte ós señoritismos propios da vila. Destacamos a cantiga titulada 'Campesinos somos' (1933) e o seu conto 'A proba dos viños (costumes de Cela)', ano 1947. Actualmente está en fase de estudio a súa obra. (*B. Barreiro Rosales*).

Algunha vez empregou o pseudónimo ESOJ ZID ZAP.



JOHAN CARBALLEIRA. (José Gómez de la Cueva)

Nado no ano 1903, e foi fusilado en abril de 1937 en Pontevedra. De rapaz alternou a súa vida en Vigo, e na casa familiar de Bueu situada no lugar de Castrelo (O Balado).

No ano 1936, representando ó Frente Popular, foi nomeado alcalde de Bueu. Na súa memoria, e gracias ós alumnos, pais e profesores déuselle o nome de "Johán Carballeira" ó Instituto de Bueu, así coma a unha rúa na mesma vila.



A finais do 1922 mostrase a súa primeira poesía en Faro de Vigo, onde, ó longo dos anos seguintes van aparecendo máis de medio cento de artigos, poesías, contos,... Colabora en revistas coma Vida Gallega e Céltiga (Bós Aires), Estampa, Cristal,... No ano 1927 inicia unha fructífera andadura no xornal El Pueblo Gallego como corresponsal do mesmo no seu pobo, comezando a emprega-lo sobrenome de 'Johan Carballeira'. A súa produción xornalística é bastante ampla, máis de cincocentos artigos, reportaxes, contos, entrevistas, así como un conxunto de poemas que ía a recompilar nuns libros, que nunca viron a luz, que pensaba titular: Con la frente en la noche e, sobre todo, Cartafol editado polo noso Colexio no Nadal de 1996.

FRANCISCO LANDIN

Natural de Marín. Home de ampla cultura, grande orador e sobre todo coñecido pola súa faceta musical.

O poema Bueu (Nocturno marinero), en endecasílabo de Gaita Galega, pertence a unha murga de antroido de 1953 para o grupo 'Los Marcianos' para que compuso música e letra. Non era a primeira vez que escribía para comparsas do antroido (anteriormente para 'Los Nuevos Arrendatarios' e 'Los Murcianos').

FRANCISCO ESTÉVEZ GARCÍA (Paco Rin-ran)

Fundador-director do grupo 'Airiños de Liboreiro' (1950) que durante máis de trinta anos alegraron as romeirías do Morrazo. 1950. Xuntamente con D. Manuel Gómez ensaiou nunha época ó grupo de gaitas do Colexio Público de Bueu.



ANRI MASSÓ

ENRIQUE MASSÓ BOLÍBAR, fillo de Gaspar Massó, nace en Bueu no ano 1930, amante da Arqueoloxía, da Lingüística e de todo o referente á Historia colombina; publica en 1960 "Retrouso a Colón", e varios poemas en revistas como "Papeles de San Armadans", "Celtiga" e "Vieiros", propuxo un sistema gráfico (-m, ïo, ç...) escribindo sobre este tema "Problemas da ortografía galega".

JUAN JOSÉ ARIAS BARREIRO

Nado en Bueu no ano 1.938. Cursa estudos de bacherelato, obtendo o Título de Grao Superior no Instituto de Pontevedra. En Madrid fai oposiciones ó Corpo Xeral da Armada e Corpo de Maquinas.

Estudiou Maxisterio, exercendo o mesmo en diversas academias de Pontevedra. Máis tarde trasladouse a Vigo, onde reside na actualidade, alternando a ensinanza co traballo de Administrativo.

Ten varios premios literarios, tamén, con poesías en lingua castelá. Colaborou cos seus artigos nalgúnsas revistas.

O poema, "LEMBRANZAS DO MAR DE BUEU", foi premiado polo Patronato Rosalía de Castro, e parte da súa obra foi publicada no Centro Galego de Buenos Aires, así como na Hermandad Gallega de Caracas.

Na súa obra en galego destaca polo sentimento apaixoadoo co que describe os feitos e personas cheos de saudade e morriña. Respecto os seus traballos en castelán, o seu estilo é seco e esgazado.



MANUEL SUAREZ SAMPEDRO

Ourensán, que pasou algun veran en Bueu. O poema 'Bueu', pertence o seu libro *Cen poesías pra cen portos de Galicia*. Ten tamén outro dedicado a Sar (de Beluso). Na lectura do seu libro pódese un atopar cunha persoa que ainda que de terra adentro leva e sinte morriña do noso mar.

JOSÉ BERNARDEZ SANTACLARA 'Pasarín'

Nado no 1906 e finou en xullo do 1993. O sobrenome de Pasarín venlle de cando xogaba ó futbol. Mariñeiro de moi rapaz, faise cun oficio en terra, zapateiro, a raíz de problemas de saúde. Loitador polos humildes, consegue solventar crises entre mariñeiros e armadores, tal como reza na memoria e portada do seu libro: "Rosas salvajes" (1986). Estivo preso durante 4 anos por ser republicano. No seu encerro foi onde naceu a súa primeira poesía.



AGUSTÍN MIGUEL POUSEU LOIRA

Nace no Brasil en 1958. Fillo de emigrantes galegos de Bueu. No ano 1966 trasladase cos seus pais a Bueu. A súa inquietud polas artes vése, entre outras, reflectida na súa obra pictórica que o leva a participar, dentro e fora do país, en exposicións colectivas e individuais, alcanzando premios e grande recoñecemento. A súa obra literaria abarca diversos xéneros: a poesía, a narrativa e o teatro. É o arquitecto do Pavillón Municipal de Bueu e da nova alameda.



Nostalgia... poema que nace no Liboreiro onde as percepcións tradúcense en sentimentos que se plasman, cal acta notarial, e teñen por testemuña o entorno de Bueu.

LUIS RÍOS DOPAZO



Nace en Bueu no ano 1930, emigra a Francia ós 32 anos, onde exerce a profesión de zapateiro á que se dedicaba en Bueu. No ano 1991 recompila parte da súa obra nun libro de poemas que titula "*Enxebre*", presentado na casa de Cultura de Bueu.

A súa poesía é popular, predomina a descripción sobre a narración, a paisaxe sobre a acción, o sentimento sobre a idea.

JORGE JOSÉ LOIRA GAGO



Nado en Bueu no ano 1963 e falecido no 1982 cando practicaba o submarinismo. Neses momentos estudiante de Psicoloxía na Universidade de Salamanca onde a súa faceta de loitador pola cultura vese reflectida, entre outras, na dirección da revista universitaria '*Naturalmente*'.

É para este Colexio unha honra o rescatar da memoria, áinda que sexa cun pequeno poema dos seus inicios, a un ex-alumno que soupo achegarse, e ben, os camiños da Arte. Unha arte entrelazada onde a pintura e a escultura son a dimensión da súa poesía. Poesía que se supera a si mesma, que investiga e busca novos xeitos do dicir e que, áinda que poeta xoven, consegue xogar coas inquietudes do ser para levalo con ollos polifémicos a escrutar sentimientos, medos, ilusións, premonicións...

Como persoa deixou sinal nos que o coñeceron polo que facemos nosas as palabras do seu amigo Torrente Ballester (*Tres notas sueltas* no ABC, Sábado Cultural do 4-9-1982): "Vouno a votar de menos, estas mañas de inverno... e non deixa de ser posible, senón case seguro, que un posto distinguido, na historia da poesía española, quedou vacante: 'antes de tempo e case en flor cortado'"

XOSÉ CARLOS GONZALEZ RODRIGUEZ, O'Framinor

Iniciou a súa andaina poética no mesmo instante no que arribou o porto da nosa vila de Bueu.



Aquí recibiu a súa iniciación nos bosques consagrados o alto Apolo, sendo logo apuxado cara as augas impolutas da atractiva. Non é extrano, pois, que chegue hoxe ata nosoutros a súa voz, arrombandos a mente e o corazón con lembranzas e querencias doutros tempos, sempre eternos na poesía. Seu primeiro libro 'POEMAS, CANCIONES Y ORACIONES' está todo el dedicado a súa dona; O segundo, 'ALMA DE APRENDIZ' segue o mesmo camiño intimista e fraternal; no seu último libro 'GINEBRA, BLANCO ESPÍRITU' quere amosar o seu

SUSO PÉREZ PIÑEIRO

Nado en Bueu en setembro de 1956. No ano 1975 consegue a mellor marca de España, quedando campión infantil en lanzamento de disco. Medalla de ouro (1976) e campión nos xogos internacionais da FISEC en Francia. Medalla de bronce en lanzamento de martelo nos campionatos de España (1976). Record provincial absoluto de Lanzamento de martelo desde 1975 ata 1985.



A súa faceta como poeta é coñecida e celebrada polos seus amigos que son as verdadeiras dianas deses dardos de palabras. A súa é unha poesía lúdico-festiva, irreverente onde a intención propende rachar co formalismo e as convencións.

O poema *Extase na illa*, atópase no catálogo de man dunha exposición do pintor bueuense Isidro Cortizo, a quen está dedicado.

CECILIO LAGO GONZÁLEZ

Nado Vigo. Como el mesmo dí no seu libro *Castillos de Sueños* existen tres 'P' na súa vida: Pai (por condición), Porteiro (por ilusión) e Poeta (por vocación). Compositor e poeta desde os 16 anos, vai entrando no mundo da poesía pola senda dos versos asonantes para, a partir do ano 89, ó cruzarse na súa vida o 'Soneto' cambiar o rumbo da métrica.



Entre os seus premios literarios cabe destacar o primeiro premio no certame de poesía de Nadal de Begonte (Lugo) no 1992, ano en que tamén obtivo o primeiro premio de poesía en Guadalajara de la ACRECA. Moitos máis son os premios literarios que fan da súa poesía e prosa unha elegante tarxeta de presentación.

O poema que *El latir de un pueblo* está dedicado o Club Bueu Atl. Balonman.

XESÚS MURUAIS BAO

Nado en Pontevedra. É un home vitalista e angurioso en ver, percorrer e vivir todo o que seméllale a él, que se lle escorre como auga entre as mans e non é quen de deixalo escorregar.

Naceu, na misma casona onde seu tio-abó, e sobre todo o seu abó Jesús Muruais, tiveron a súa tertulia e biblioteca, por onde pasaron persoeiros tan sobresaíntes, como Valle Inclán, Ulloa, A. González Besada, Castro Sampedro, e o mesmo Said Armesto.

Muruais Bao, viviu a emigración en Venezuela. E escritor vocacional. Con pouca obra publicada agás algúns traballos en revistas e tres libros de relatos e poesías que ten impresos mais áinda non editados.

JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES

Naceu o 16 de Abril de 1952 na Banda do Rio (Bueu). Destacado deportista, xogador de futbol en clubes de 3ª e 2ª división. Colaborador asiduo da radio e con traballos relacionados coa súa profesión no que afecta á Fisoterapia do Deporte. Articulista na revista "La Lomba". Publicou un libro de carácter científico titulado "Fisioterapia en áreas de Influencia: Salnés" (1992) e dentro da narración, o moi entrañable para Bueu, "COLUMBUE - La génesis de Josber" (1994), que segundo reza na contraportada do mesmo, ven a xustificar o desexo do autor que o mundo triunfe sobre a ciencia.



A súa faceta literaria como narrador engade, como ben pode comprobarse, a poética con tintes contemporáneos nos que atopa a realidade como fenómeno acontecido ou de presente y significando, a súa vez, as definicións de conceptos no concreto. Nestes momentos ten pendente de publicación dun libro onde se mesturan os xéneros poético, epistolar, narrativo...

ANTONIO SANTOS CIDRÁS

Nado en Bueu. Foi alumno deste centro ata rematar a EXB. A súa faceta de poeta e narrador xa se manifestou ó gañar algúns dos certámenes nos que co Colexio participaba (era a época da súa querida mestra Carmen Ferreirós, alá polo curso 1979-80).

A súa poesía chea de saudades, dun mar espiritual onde fuxir do seu corpo para, cal veleiro solitario, navegar por mundos de utopias.

ÍNDICE

NUNO TREEZ	3-5
JOHAN DE CANGAS	6
JOSÉ FILGUEIRA VALVERDE	7
G.M.G. e J.D.F	8
QUINTÍN TABOADA AGULLA	9
LUÍS BUCETA MERA	10
VERAMAR	11
JOSÉ DÍZ PAZ	12
JOHAN CARBALLEIRA. (José Gómez de la Cueva)	13-14
FRANCISCO LANDIN	15
FRANCISCO ESTÉVEZ GARCÍA (Paco Rin-ran)	16
ANRI MASSÓ	17
JUAN JOSÉ ARIAS BARREIRO	18
MANUEL SUAREZ SAMPEDRO	19
JOSÉ BERNARDEZ SANTA CLARA 'Pasarín'	20
AGUSTÍN MIGUEL POUSEU LOIRA	21
LUIS RÍOS DOPAZO	22
JORGE JOSÉ LOIRA GAGO	23
X. CARLOS GONZÁLEZ RODRIGUEZ, O'Framinor	24
SUSO PÉREZ PIÑEIRO	25
CECILIO LAGO GONZÁLEZ	26
XESÚS MURUAIS BAO	27
JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES	28
ANTONIO SANTOS CIDRÁS	29
BIOGRAFÍAS	30-33